



REDE EUSUMO

Cooperativismo e Economía Social

Balance 2015



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA

Balance Rede Eusumo 2015

- A Rede Eusumo conta xa con 74 entidades asociadas no que é o seu cuarto ano de funcionamento.
- No marco da Rede Eusumo constituíronse 114 empresas de economía social, 39 delas creadas no ano 2015.
- A través da Rede Eusumo obtiveron titorización e asesoramento personalizado en materia de cooperativismo e economía social máis de 572 grupos promotores (149 grupos no 2015), o que supón un total de máis de 2189 persoas implicadas (518 persoas titorizadas no ano 2015).
- A rede celebrou un total de 201 actividades de divulgación e sensibilización para o fomento cooperativo e da economía social en 2015, a través de obradoiros, seminarios e xornadas, cunha asistencia de 3.241 persoas.
- Actualmente, a Rede Eusumo conta con máis de 5000 seguidores nas redes sociais e está presente nas principais plataformas.

Dada a importancia do cooperativismo e da economía social no desenvolvemento económico de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Secretaría Xeral de Emprego, e máis concretamente a través da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, leva a cabo un labor constante de fomento e promoción do cooperativismo e da economía social na comunidade galega.

Un dos programas que se está levando a cabo dende o ano 2012, co fin de dar a coñecer a fórmula cooperativa e crear emprego de calidade, é a Rede Eusumo, unha rede destinada a unificar esforzos en materia de cooperativismo e economía social e que se estende por toda Galicia e por outras rexións do territorio español e transfronteirizas.

A Rede Eusumo pon a disposición da cidadanía ferramentas de apoio e divulgación tales como:

- ✦ Asesoramento e titorización personalizados, por parte dos técnicos de emprego da Rede Eusumo, a empresas de economía social e emprendedores.
- ✦ Acompañamento en todo o proceso de constitución das empresas de economía social.
- ✦ Actividades de divulgación e sensibilización para o fomento da economía social, a través de obradoiros, seminarios e xornadas.

- ✦ Divulgación das vantaxes e características deste modelo empresarial.

Centros de atención permanente en cooperativismo e economía social 2015 e Oficinas de Fomento Cooperativo (OFC)

A Rede Eusumo conta con centros de atención permanente en cooperativismo e economía social distribuídos ao longo de todo o territorio galego. Estes centros dispoñen de persoal técnico propio. As actividades propias dos técnicos da Rede Eusumo concéntranse na difusión, a información, a formación, a orientación e o asesoramento no ámbito cooperativo e de economía social.

O asesoramento e o acompañamento dos técnicos propios da rede comprenden proxectos empresariais de economía social, dende a maduración da idea de negocio, ata a posta en marcha do proxecto e o acompañamento nas primeiras etapas de vida deste. Ademais, préstaselles apoio directo ás empresas de economía social xa constituídas en materia societaria, asesoramento de novos proxectos, comercialización de produto ou desenvolvemento e introdución nas TIC.

Os centros de atención permanente postos a disposición da rede pola Consellería e polas entidades colaboradoras durante o ano 2015 foron os seguintes:

- ✦ Fundación Terra de Trasancos – Cooperativa O Val (O Val, Narón). Área de influencia: norte da provincia da Coruña.
- ✦ Cidade da Cultura (Santiago de Compostela). Área de influencia: provincia da Coruña, zona central.
- ✦ Confederación de Empresarios de Lugo (Lugo). Área de influencia: provincia de Lugo.
- ✦ Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ourense (Ourense). Área de influencia: Ourense cidade.
- ✦ Centro de desenvolvemento cooperativo transfronteirizo de Verín (Verín, Ourense). Área de influencia: leste da provincia de Ourense e Portugal.
- ✦ Fundación Coren (Rozamonde, Cenlle). Área de influencia: oeste da provincia de Ourense.
- ✦ Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo (Vigo, Pontevedra). Área de influencia: norte da provincia de Pontevedra.
- ✦ Cámara de Comercio de Tui (Pontevedra). Área de influencia: sur da provincia de Pontevedra e norte de Portugal.

Como puntos de información e asesoramento están tamén as Oficinas de Fomento Cooperativo (OFC). As OFC dependen de mancomunidades e agrupacións de concellos que contan cun técnico de cooperativismo propio de maneira permanente.

Estes técnicos encárganse do desenvolvemento das seguintes accións no ámbito local da súa OFC: difusión, información, formación, orientación e asesoramento no ámbito cooperativo e de economía social.

O número de oficinas de fomento cooperativo é de 18 e o seu ámbito directo de actuación abrangue o territorio de 103 concellos de toda Galicia.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoia as accións, as actividades e os técnicos das OFC a través de axudas directas a este tipo de entidades.

As entidades colaboradoras da Rede Eusumo

As entidades colaboradoras son as que teñan interese no desenvolvemento da economía social, no apoio ao emprendemento ou no desenvolvemento local e que soliciten a súa adhesión, poñendo a disposición da rede algún dos medios e os recursos dos que dispoñan, tales como infraestruturas e servizos. Entre as entidades que poden adherirse están as administracións públicas, as asociacións de entidades de economía social, as sociedades cooperativas galegas, as fundacións e asociacións e as universidades, as cámaras de comercio, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais, así como outras entidades sen ánimo de lucro.

O número de entidades colaboradoras ascendeu no ano 2015 a 74, algún deles situados fóra da nosa comunidade. Entre estas entidades atópanse cámaras de comercio, universidades, asociacións, fundacións, deputacións, sociedades cooperativas galegas, oficinas de fomento cooperativo, concellos, asociacións vinculadas co emprendemento, administración autonómica, asociacións de cooperativas, asociacións de desenvolvemento rural e asociacións de economía social.

Actividades da Rede Eusumo

Como se mencionou anteriormente, a través da rede foméntase o cooperativismo e a economía social en todos os niveis, dende a divulgación dos valores que representa o traballo colaborativo nos centros de ensino, como a realización de actividades de divulgación e sensibilización para o fomento da economía social, ata o acompañamento e o asesoramento a empresas de economía social ou proxectos empresariais neste sector.

Dende a súa constitución a Rede Eusumo levou a cabo accións de titorización e asesoramento personalizado en materia de cooperativismo e economía social a máis de 572 grupos promotores (149 grupos no ano 2015), o que supón un total de máis de 2189 persoas implicadas (518 persoas no ano 2015). Estas accións de titorización e asesoramento permitiron a constitución de 114 empresas de economía social no

marco da rede, das cales 39 empresas de economía social foron creadas neste último ano 2015.

En relación coas actividades de divulgación e sensibilización, a Rede Eusumo impulsou 201 actividades para o fomento da economía social, o emprendemento e o autoemprego, a través de obradoiros, seminarios e xornadas, cunha asistencia de máis de 3241 persoas. Estas actividades dirixíronse a público de diversa índole, dende persoas interesadas na economía social ata cooperativistas de moitos anos de experiencia que pretenden mellorar a súa implantación no mercado.

Desde a súa creación a Rede Eusumo impulsou 649 actividades cunha asistencia de 11.803 participantes.

Ademais das actividades descritas, a Rede Eusumo participa anualmente noutros actos co obxectivo de dar maior difusión e promoción á economía social, entre os que pode destacarse:

- Salón Internacional Xantar en Ourense.
- Forúm Gastronómico da Coruña.
- Workshop: Compostela Gastronómica.
- Expo-Ordes.
- Semana Verde de Silleda.
- Encontro AGROBIOTECH.
- Programa ARGO.
- Premios Xóvenes Emprendedores de Ourense.
- PonteJAM – Pontevedra.
- Campus de Emprendemento Sostible – Verín (Ourense).
- Encontro APE Galicia .
- “Empleabilidade e Emprendemento”. Escola Oficial de Enxeñeiros Topógrafos.

Por último, cómpre destacar que se está a traballar tamén na mellora da imaxe do cooperativismo en Galicia. Proba disto son os máis de 5000 seguidores cos que conta a Rede Eusumo nas distintas plataformas nas que está. Actualmente, estase traballando en catro plataformas, Facebook, Twiter, Instagram e Youtube, e búscase ampliar esta presenza con perfís en Skype e Google Plus.

Para máis información:

Tlf: 981 55 80 08
info@eusumo.coop
www.eusumo.gal



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

info@eusumo.coop
T 981 558 008
www.eusumo.coop



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



XUNTA
DE GALICIA